

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



PROGRAMACIÓN

CONXUNTO DE GUITARRA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	5
DISPOSICIÓN XERAIS.....	5
1. OBXECTIVOS.....	7
1.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	7
➤ Obxectivos Curso 1º G. P.	8
➤ Obxectivos Curso 2º G. P.	8
➤ Obxectivos Curso 3º G. P.	8
➤ Obxectivos Curso 4º G. P.	9
2. CONTIDOS.....	10
2.1. CONTIDOS XERAIS.....	10
➤ CONTIDOS 1º Curso G. P.	10
➤ CONTIDOS 2º Curso G. P.	11
➤ CONTIDOS 3º Curso G. P.	11
➤ CONTIDOS 4º Curso G. P.	11
2.2. CONTIDOS ACTITUDINAIS.....	11
2.3. SECUENCIACIÓN E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DA MATERIA.....	12
3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	13
3.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.....	13
➤ CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º curso G. P.	14
➤ CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º curso G. P.	15
➤ CRITERIOS DE AVALIACIÓN 3º curso G. P.	16
➤ CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º curso G. P.	17
3.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES (MÍNIMOS ESIXIBLES).....	18
4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	19
4.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	19

4.2.	REPERTORIO.....	20
4.2.1.	<i>OBRAS DE CONXUNTO Grao Elemental</i>	20
4.2.2.	<i>GRAO PROFESIONAL</i>	21
	➤ Guitarra 1º Curso	21
	➤ Guitarra 2º Curso	21
	➤ Guitarra 3º Curso	22
	➤ Guitarra 4º Curso	22
4.3.	CRITERIOS DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES	22
4.4.	PROMOCIÓN DE CURSO E MATRÍCULA EXCEPCIONAL	22
5.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	24
6.	ENFOQUE METODOLÓXICO	26
6.1.	METODOLOXÍA A EMPREGAR	26
6.2.	ORIENTACIÓN PEDAGÓXICA DA CLASE COLECTIVA.....	27
6.3.	ACTIVIDADES PROPOSTAS DE CARÁCTER INTERDISCIPLINAR	27
6.4.	ORGANIZACIÓN DO TEMPO E DO ESPAZO	28
	6.4.1. <i>Organización do tempo</i>	28
	6.4.2. <i>Organización do espazo</i>	28
	6.4.3. <i>Educación en valores</i>	28
7.	RECURSOS DIDÁCTICOS	29
7.1.	TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN A DA COMUNICACIÓN (TIC).....	29
7.2.	OS MATERIAIS CURRICULARES	29
7.3.	BIBLIOGRAFÍA	31
	7.3.1. <i>GRAO ELEMENTAL</i>	31
	7.3.2. <i>GRAO PROFESIONAL</i>	32
7.4.	FOMENTO DA LECTURA, AUDICIÓNS E INVESTIGACIÓN	34
7.5.	FUNCIONALIDADE DOS CONTIDOS	34
8.	PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.....	35

8.1.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	35
9.	ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN	37
9.1.	ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO ARTÍSTICO.....	37
9.2.	ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO PERSOAL	37
10.	PROCEDEMENTOS DE COORDINACIÓN, VALORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	38
11.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	39
12.	PROBAS DE ACCESO	40
12.1.	GRAO PROFESIONAL CURSOS 2º, 3º E 4º	40
	➤ CURSO 2º.....	41
	➤ CURSO 3º.....	42
	➤ CURSO 4º.....	43

INTRODUCCIÓN

Disposicións Xerais

Coa finalidade de lograr os obxectivos propostos nos Decretos D.O.G.A polos que se establecen os aspectos básicos dos currículos do grao elemental e profesional do ensino musical en Galicia -máis concretamente da materia de conxunto de guitarra- e que a continuación se relacionan, este programa establece os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación para cada un dos cursos que integran o novo plan de estudos.

O Conxunto Instrumental constitúe un espazo de formación de primeiro orde para experimentar e aplicar as habilidades adquiridas na clase propia de instrumento da especialidade, así como os coñecementos adquiridos nas outras materias. Deste xeito, esta materia de Conxunto tamén permitirá traballar e acercarse ao repertorio para diferentes formacións o grupos instrumentais, de diferentes épocas e estilos, abrindo un nexo común entre distintas materias e obxectivos presentes nelas.

O proceso de ensino e aprendizaxe das diversas especialidades instrumentais contempla un forzoso carácter individual. Por isto, a actividade de grupo como obxectivo é a esencia deste currículo da materia de Conxunto, dirixida ao proceso de obtención de novos coñecementos e a súa aplicación na práctica musical. Na nova lei considerouse conveniente reforzar as actividades grupais e incrementar a súa presenza nos centros. A paulatina incorporación tamén de novas especialidades cuxas literaturas achegan amplos repertorios de conxuntos específicos indican a conveniencia de incluír como unha materia común máis a práctica de conxunto. Por outra banda, razóns de índole organizativa dos centros indican así mesmo o oportuno de ampliar esta nova materia de grupo buscando a participación e implicación de todo o colectivo estudantil, calquera que sexa a súa especialidade instrumental.

A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas. O carácter propedéutico das ensinanzas profesionais de música leva consigo a incorporación dos alumnos ás distintas agrupacións a fin de propiciar un amplo marco de experiencias que permita ao estudante dirixirse cara ao tipo de formación musical que máis se adapte aos seus intereses, calidades e coñecementos. A práctica de conxunto, xa sexa na orquestra, coro, grupos de cámara ou de música moderna e lixeira, ten por finalidade facilitar a participación de todo o alumnado nun proxecto musical colectivo que enriqueza a propia experiencia individual e a dote dun número maior de ferramentas para a consecución da súa plena formación musical.

Esta participación en agrupacións musicais permitirá que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco adecuado para a práctica instrumental colectiva, ademais de garantir a presenza activa do alumnado nunhas actividades que supoñen unha maior proxección do centro académico na vida social da súa comunidade. As interrelacións entre instrumentos e instrumentistas darán lugar a un entramado complexo de relacións musicais e persoais: a unidade de criterio, a igualdade na execución, a adopción duns férreos patróns rítmicos, a actitude de escoita colectiva por encima da individual, o traballo da dinámica de conxunto, os planos sonoros, o “empaste” dos instrumentos, fraseos, afinación, ataques, respiracións, texturas... son todos eles aspectos inherentes a toda boa interpretación grupal e habilidades a experimentar, coñecer e traballar, acordes co papel do alumno como parte dun conxunto e relacionado co papel do seu propio instrumento dentro do grupo, con todo o que isto implica para a formación musical do alumno. Así mesmo, a convivencia con

instrumentos de natureza e técnicas próximas ou non, a posibilidade de participar en agrupacións de instrumentos de natureza diversa, proporcionará ao alumno unha visión máis ampla do feito musical e enriquecerá os seus coñecementos dos timbres e peculiaridades organolóxicas dos outros instrumentos. En suma, o alumnado sentirase partícipe dunha experiencia colectiva musical, dando paso a un enriquecemento persoal que dificilmente pode ser abordado dende a experiencia individual do seu instrumento.

Outro aspecto importante na formación musical e que a práctica de conxunto favorecerá a responsabilidade compartida inherente á experiencia de grupo. As relacións humanas entre os alumnos, acostumados á practica individual do seu instrumento, suporán todo un exercicio de adaptación e adecuación das mellores características e habilidades de cada membro do grupo na procura dun ben común, ademais da aceptación da labor dos outros, a motivación colectiva, a valoración do traballo colectivo, unha mellora na actitude de escoita, a disciplina rítmica e incluso a memoria de pasaxes instrumentais a varias voces fomentarán e resaltarán as propias habilidades individuais, postas ao servizo dun satisfactorio resultado final... aspectos que moitas veces son inabordables na práctica instrumental individual.

1. OBXECTIVOS

1.1. Obxectivos Xerais

O Conxunto Instrumental no Grao Profesional de Guitarra terá como **obxectivo** contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber utilizalo dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico, integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Utilización, con autonomía progresivamente maior, dos coñecementos musicais para solucionar as cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.
- Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e obras e nos recursos interpretativos para abordar calquera deles.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra, tanto técnicas como de control do son.
- Respetar as normas que rexen toda actuación en grupo e valorar a interpretación de conxunto como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, amosando a sensibilidade auditiva necesaria para a perfección gradual da calidade sonora.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que os axustes de son se realicen en función dos demais instrumentos do grupo e as necesidades interpretativas da obra concreta.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Aplicar, cunha autonomía progresivamente maior, os coñecementos musicais adquiridos para a improvisación co instrumento.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- Interpretar un repertorio de conxunto composto por obras representativas, de acordo a cada nivel e dunha dificultade adaptada ao mesmo.
- Actuar en público como membro dun grupo, así como participar nas audicións, encontros, clases colectivas e seminarios que o Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio de Viveiro organice.

➤ **Obxectivos Curso 1º G. P.**

Contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
2. Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.
3. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
4. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
5. Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
6. Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración.
7. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

➤ **Obxectivos Curso 2º G. P.**

Contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
2. Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.
3. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
4. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
5. Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
6. Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración.
7. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

➤ **Obxectivos Curso 3º G. P.**

Contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
2. Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.
3. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
4. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

5. Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
6. Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración.
7. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

► **Obxectivos Curso 4º G. P.**

Contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
2. Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.
3. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
4. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
5. Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
6. Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración.
7. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

2. CONTIDOS

2.1. Contidos Xerais

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
- Traballo da dinámica e a agóxica.
- Utilización das posibilidades tímbricas do instrumento.
- Aprendizaxe das diversas formas de ataque na man dereita, para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar distintos planos simultáneos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis -motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc...- para chegar, a través diso, a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Desenvolvemento dunha condución clara das voces en obras contrapuntísticas.
- Iniciación á graffía contemporánea.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Selección progresiva de obras do repertorio guitarrístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical do alumno na práctica de conxunto.
- Unidade e uniformidade sonora: Respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, carácter, etc.
- Agóxica e Dinámica: estudo e práctica dos xestos anacrúsicos precisos para tocar sen dirección, equilibrio sonoro e de planos, control permanente da afinación e do son, desenrolo da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación das obras do repertorio: práctica de conxunto na agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico do conxunto. Preparación dun repertorio de concerto.
- Valoración do Silencio no marco da interpretación.
- Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxuntos e grupos e análises críticas das características das súas interpretacións e diferentes versións.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
- Aplicación das regras de ornamentación no repertorio de guitarra de acordo coas esixencias das distintas épocas e estilos.

► **CONTIDOS 1º Curso G. P.**

1. Unidade e uniformidade sonora: Respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, carácter, etc.
2. Agóxica e Dinámica: estudo e práctica dos xestos anacrúsicos precisos para tocar sen dirección, equilibrio sonoro e de planos, control permanente da afinación e do son, desenrolo da igualdade de ataques.
3. Análise e interpretación das obras do repertorio: práctica de conxunto na agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico do conxunto. Preparación dun repertorio de concerto.
4. Valoración do Silencio no marco da interpretación.
5. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxuntos e grupos e análises críticas das características das súas interpretacións e diferentes versións.

► **CONTIDOS 2º Curso G. P.**

1. Unidade e uniformidade sonora: Respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, carácter, etc.
2. Agóxica e Dinámica: estudo e práctica dos xestos anacrúsicos precisos para tocar sen dirección, equilibrio sonoro e de planos, control permanente da afinación e do son, desenrolo da igualdade de ataques.
3. Análise e interpretación das obras do repertorio: práctica de conxunto na agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico do conxunto. Preparación dun repertorio de concerto.
4. Valoración do Silencio no marco da interpretación.
5. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxuntos e grupos e análises críticos das características das súas interpretacións e diferentes versións.

► **CONTIDOS 3º Curso G. P.**

1. Unidade e uniformidade sonora: Respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, carácter, etc.
2. Agóxica e Dinámica: estudo e práctica dos xestos anacrúsicos precisos para tocar sen dirección, equilibrio sonoro e de planos, control permanente da afinación e do son, desenrolo da igualdade de ataques.
3. Análise e interpretación das obras do repertorio: práctica de conxunto na agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico do conxunto. Preparación dun repertorio de concerto.
4. Valoración do Silencio no marco da interpretación.
5. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxuntos e grupos e análises críticos das características das súas interpretacións e diferentes versións.

► **CONTIDOS 4º Curso G. P.**

1. Unidade e uniformidade sonora: Respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, carácter, etc.
2. Agóxica e Dinámica: estudo e práctica dos xestos anacrúsicos precisos para tocar sen dirección, equilibrio sonoro e de planos, control permanente da afinación e do son, desenrolo da igualdade de ataques.
3. Análise e interpretación das obras do repertorio: práctica de conxunto na agrupación correspondente. Traballo gradual do repertorio básico do conxunto. Preparación dun repertorio de concerto.
4. Valoración do Silencio no marco da interpretación.
5. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxuntos e grupos e análises críticos das características das súas interpretacións e diferentes versións.

2.2. Contidos Actitudinais

1. Interese por coñecer e empregar correcta e adecuadamente os contidos estudados.
2. Actitude ordenada no traballo, planificando con antelación as tarefas.
3. Valoración do propio instrumento como medio que permite unha evolución e madurez dentro do coñecemento musical en xeral.
4. Interese polas novas formas de expresión relacionadas co propio instrumento, a música en xeral e a música contemporánea.

5. Realización do traballo proposto na aula e cumprimento dos prazos establecidos.
6. Esfuerzo por mellorar o propio rendemento.
7. Apreciación da importancia da audición respectuosa e atenta da música.
8. Valoración do pracer de escoitar música.
9. Respetto cara os diferentes estilos musicais.
10. Apreciación do silencio e dos beneficios que nos reporta.
11. Actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.
12. Participación activa na clase e interese polas actividades que se desenvolvan na mesma.
13. Respetto e tolerancia cara aos compañeiros e á creación artística.
14. Valoración da importancia dos medios de transmisión musical.
15. Valoración das achegas da tecnoloxía ao desenvolvemento da música.
16. Desenvolvemento dunha actitude crítica positiva ante o traballo realizado na clase.
17. Respetto e aprecio cara ás propias capacidades e as dos compañeiros.
18. Valoración do traballo en grupo.
19. Adopción dunhas normas de colaboración e responsabilidade.
20. Asistencia a clase de forma continuada e con puntualidade.
21. Orde e limpeza, tanto no seu traballo como no contorno.
22. Valoración e respetto das normas de uso e mantemento dos instrumentos, materiais da aula e do centro, etc.

2.3. Secuenciación e distribución temporal da Materia

PRIMEIRA AVALIACIÓN (1º TRIMESTRE):

- Traballo de polo menos un terzo do número total de pezas esixidas para todo o curso.
- Lectura das pezas a traballar no segundo trimestre, que será polo menos outro terzo do número de pezas restantes.
- Traballo dos diversos elementos técnicos apropiados ao repertorio do trimestre adaptándoo ás necesidades do alumno: progresións harmónicas, liñas melódicas, improvisación....
- Traballo parcial da lectura a primeira vista conforme aos niveis de cada curso.

SEGUNDA AVALIACIÓN (2º TRIMESTRE):

- Traballo das pezas lidas no primeiro trimestre referenciadas no segundo apartado do primeiro trimestre.
- Afondamento e ampliación dos aspectos técnicos traballados anteriormente.
- Lectura do resto do programa e memorización parcial de polo menos o número de pezas indicado no curso de que se trate.
- Traballo parcial da lectura a primeira vista conforme aos niveis de cada curso.

TERCEIRA AVALIACIÓN (3º TRIMESTRE):

- Maduración de tódalas pezas esixidas no programa e memorización total de polo menos un número mínimo de pezas, indicado para cada curso de que se trate.
- Traballo da lectura a primeira vista indicada en cada curso.
- Presentación das pezas preparadas no concerto de fin de curso.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O profesor xulgará segundo os **criterios de avaliación** que establece o citado Decreto D.O.G.A. e que a continuación se relacionan.

3.1. Criterios Xerais de Avaliación

LECTURA DE TEXTOS A PRIMEIRA VISTA CON FLUIDEZ E COMPRENSIÓN. *Este criterio de avaliación pretende facer constar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto.*

MEMORIZACIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS MUSICAIS, EMPREGANDO A MEDIDA, AFINACIÓN, ARTICULACIÓN E FRASEO ADECUADOS AO SEU CONTIDO. *Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.*

INTERPRETACIÓN DE OBRAS DE ACORDO COS CRITERIOS DO ESTILO CORRESPONDENTE. *Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumno para utilizar o tempo, a agónica e a dinámica como elementos básicos da articulación.*

DESCRIPCIÓN, CON POSTERIORIDADE A UNHA AUDIÇÃO, DOS TRAZOS CARACTERÍSTICOS DAS OBRAS ESCOITADAS. *Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para percibir os aspectos esenciais das obras que o alumno poida entender, segundo o seu nivel de desenvolvemento intelectual e emocional e a súa formación teórica, aínda que non as interprete por ser novas para el, ou resultar aínda inabordables pola súa dificultade técnica.*

DEMOSTRACIÓN, EN ESTUDOS E OBRAS DE INTERPRETACIÓN COLECTIVA, A CAPACIDADE DE APRENDIZAXE PROGRESIVA INDIVIDUAL. *Este criterio de avaliación pretende verificar que os alumnos son capaces de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.*

INTERPRETACIÓN COMO PARTICIPANTE DUN GRUPO, EN PÚBLICO E DE MEMORIA, DE OBRAS REPRESENTATIVAS DO SEU NIVEL CO INSTRUMENTO, CON SEGURIDADE E CONTROL DA SITUACIÓN. *Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, así como o dominio da obra estudada. Pretende tamén estimular o interese polo estudo e a familiarización coa situación de tocar para un público.*

ACTUACIÓN COMO MEMBRO DUN GRUPO E MANIFESTACIÓN DA CAPACIDADE DE TOCAR OU CANTAR AO MESMO TEMPO QUE ESCOITA E SE ADAPTA AO RESTO DOS INSTRUMENTOS OU VOCES. *Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumno para adaptar a afinación, precisión rítmica, dinámica, etc... á dos seus compañeiros nun traballo común.*

UTILIZACIÓN DO ESFORZO MUSCULAR E A RESPIRACIÓN ADECUADOS ÁS ESIXENCIAS DA EXECUCIÓN INSTRUMENTAL. *Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a*

execución instrumental e o grao de relaxación necesario para evitar crispacións que conduzan a unha perda do control da execución.

DOMINIO NA EXECUCIÓN DE ESTUDOS E OBRAS, SEN DESLIGAR OS ASPECTOS TÉCNICOS DOS MUSICAIS. *Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.*

SENSIBILIDADE AUDITIVA NA AFINACIÓN E NO USO DAS POSIBILIDADES SONORAS DO INSTRUMENTO. *Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.*

INTERPRETACIÓN DE OBRAS DAS DISTINTAS ÉPOCAS E ESTILOS TANTO EN GRUPO COMO SOLISTA DUN GRUPO. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumno posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

INTERPRETACIÓN DE MEMORIA DE OBRAS DO REPERTORIO DE CONXUNTO, DE ACORDO COS CRITERIOS DO ESTILO CORRESPONDENTE. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumno posúe das obras e a súa capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.

DEMOSTRACIÓN DA NECESARIA AUTONOMÍA PARA ABORDAR A INTERPRETACIÓN DENTRO DAS MARXES DE FLEXIBILIDADE QUE PERMITA O TEXTO MUSICAL. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

DEMOSTRACIÓN DUNHA AUTONOMÍA PROGRESIVAMENTE MAIOR NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS TÉCNICOS E INTERPRETATIVOS. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumno alcanzou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.

LECTURA DE TEXTOS A PRIMEIRA VISTA CON FLUIDEZ E COMPRENSIÓN. Este criterio de avaliación pretende facer constar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto.

PRESENTACIÓN EN PÚBLICO DUN PROGRAMA ADECUADO AO SEU NIVEL, DEMOSTRANDO CAPACIDADE COMUNICATIVA E CALIDADE ARTÍSTICA. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e o grao de madurez da súa personalidade artística.

➤ **CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º curso G. P.**

- Interpretar pezas de conxunto polo menos tres apartados distintos, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos.
- Demostrar capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento, sempre de acordo ao nivel.

- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Participar nas audicións obrigatorias de cada final de trimestre e presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Nas audicións obrigatorias interpretarán unha ou dúas pezas do trimestre en curso, unha delas como mínimo de memoria.
- Asistir polo menos a tres audicións ou concertos durante o curso, preferiblemente de guitarra (deberán ser distintos ás audicións obrigatorias de fin de trimestre) e realizar un breve traballo escrito onde quede reflectido algún comentario positivo resaltando algunha das virtudes que observen no intérprete, tanto de aspectos técnicos como musicais. Os alumnos deberán ademais describir os trazos característicos das obras escoitadas.
- Interpretar as obras do repertorio de concerto escollido para a agrupación correspondente amosando capacidade de unificación de criterio interpretativo entre tódolos compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como membro e responsable do grupo, dirixindo ou tomando parte da interpretación colectiva mentres se realiza a propia parte. Ter un coñecemento global da partitura e saber usar os xestos necesarios da concertación, ademais de valorar outros criterios como a unificación do son, empaste dos instrumentos, timbre, vibrato, fraseo, etc.
- Ler a primeira vista obras dunha dificultade de acordo ao nivel ou dunha dificultade menor da prevista para a agrupación que corresponda. Comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto musical, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Amosar sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar en público obras do repertorio. Comprobar a unificación de criterios, o fraseo, a precisión rítmica, a preparación de cambios dinámicos, a acentuación, a adecuación interpretativa ao carácter da peza e o seu estilo, o respecto e o sentido de responsabilidade dentro dun grupo baixo a presión dunha actuación en público.
- Asistencia regular aos ensaios e clases conxuntas maxistras. Amosar o compromiso, sentido da responsabilidade e esforzo individual do alumno como membro dunha agrupación.

➤ **CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º curso G. P.**

- Interpretar pezas de conxunto polo menos tres apartados distintos, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos.
- Demostrar capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento, sempre de acordo ao nivel.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Participar nas audicións obrigatorias de cada final de trimestre e presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Nas audicións obrigatorias interpretarán unha ou dúas pezas do trimestre en curso, unha delas como mínimo de memoria.
- Asistir polo menos a tres audicións ou concertos durante o curso, preferiblemente de guitarra (deberán ser distintos ás audicións obrigatorias de fin de trimestre) e realizar un

breve traballo escrito onde quede reflectido algún comentario positivo resaltando algunha das virtudes que observen no intérprete, tanto de aspectos técnicos como musicais. Os alumnos deberán ademais describir os trazos característicos das obras escoitadas.

- Interpretar as obras do repertorio de concerto escollido para a agrupación correspondente amosando capacidade de unificación de criterio interpretativo entre tódolos compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como membro e responsable do grupo, dirixindo ou tomando parte da interpretación colectiva mentres se realiza a propia parte. Ter un coñecemento global da partitura e saber usar os xestos necesarios da concertación, ademais de valorar outros criterios como a unificación do son, empaste dos instrumentos, timbre, vibrato, fraseo, etc.
- Ler a primeira vista obras dunha dificultade de acordo ao nivel ou dunha dificultade menor da prevista para a agrupación que corresponda. Comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto musical, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Amosar sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar en público obras do repertorio. Comprobar a unificación de criterios, o fraseo, a precisión rítmica, a preparación de cambios dinámicos, a acentuación, a adecuación interpretativa ao carácter da peza e o seu estilo, o respecto e o sentido de responsabilidade dentro dun grupo baixo a presión dunha actuación en público.
- Asistencia regular aos ensaios e clases conxuntas maxistras. Amosar o compromiso, sentido da responsabilidade e esforzo individual do alumno como membro dunha agrupación.

➤ **CRITERIOS DE AVALIACIÓN 3º curso G. P.**

- Interpretar pezas de conxunto polo menos tres apartados distintos, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos.
- Demostrar capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento, sempre de acordo ao nivel.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Participar nas audicións obrigatorias de cada final de trimestre e presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Nas audicións obrigatorias interpretarán unha ou dúas pezas do trimestre en curso, unha delas como mínimo de memoria.
- Asistir polo menos a tres audicións ou concertos durante o curso, preferiblemente de guitarra (deberán ser distintos ás audicións obrigatorias de fin de trimestre) e realizar un breve traballo escrito onde quede reflectido algún comentario positivo resaltando algunha das virtudes que observen no intérprete, tanto de aspectos técnicos como musicais. Os alumnos deberán ademais describir os trazos característicos das obras escoitadas.
- Interpretar as obras do repertorio de concerto escollido para a agrupación correspondente amosando capacidade de unificación de criterio interpretativo entre tódolos compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como membro e responsable do grupo, dirixindo ou tomando parte da interpretación colectiva mentres se realiza a propia parte. Ter un coñecemento global da partitura e saber

usar os xestos necesarios da concertación, ademais de valorar outros criterios como a unificación do son, empaste dos instrumentos, timbre, vibrato, fraseo, etc.

- Ler a primeira vista obras dunha dificultade de acordo ao nivel ou dunha dificultade menor da prevista para a agrupación que corresponda. Comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto musical, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Amosar sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar en público obras do repertorio. Comprobar a unificación de criterios, o fraseo, a precisión rítmica, a preparación de cambios dinámicos, a acentuación, a adecuación interpretativa ao carácter da peza e o seu estilo, o respecto e o sentido de responsabilidade dentro dun grupo baixo a presión dunha actuación en público.
- Asistencia regular aos ensaios e clases conxuntas maxistras. Amosar o compromiso, sentido da responsabilidade e esforzo individual do alumno como membro dunha agrupación.

➤ **CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º curso G. P.**

- Interpretar pezas de conxunto polo menos tres apartados distintos, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos.
- Demostrar capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento, sempre de acordo ao nivel.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Participar nas audicións obrigatorias de cada final de trimestre e presentar un programa adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Nas audicións obrigatorias interpretarán unha ou dúas pezas do trimestre en curso, unha delas como mínimo de memoria.
- Asistir polo menos a tres audicións ou concertos durante o curso, preferiblemente de guitarra (deberán ser distintos ás audicións obrigatorias de fin de trimestre) e realizar un breve traballo escrito onde quede reflectido algún comentario positivo resaltando algunha das virtudes que observen no intérprete, tanto de aspectos técnicos como musicais. Os alumnos deberán ademais describir os trazos característicos das obras escoitadas.
- Interpretar as obras do repertorio de concerto escollido para a agrupación correspondente amosando capacidade de unificación de criterio interpretativo entre tódolos compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como membro e responsable do grupo, dirixindo ou tomando parte da interpretación colectiva mentres se realiza a propia parte. Ter un coñecemento global da partitura e saber usar os xestos necesarios da concertación, ademais de valorar outros criterios como a unificación do son, empaste dos instrumentos, timbre, vibrato, fraseo, etc.
- Ler a primeira vista obras dunha dificultade de acordo ao nivel ou dunha dificultade menor da prevista para a agrupación que corresponda. Comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto musical, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Amosar sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración do seu papel dentro do mesmo e o

respecto pola interpretación musical.

- Interpretar en público obras do repertorio. Comprobar a unificación de criterios, o fraseo, a precisión rítmica, a preparación de cambios dinámicos, a acentuación, a adecuación interpretativa ao carácter da peza e o seu estilo, o respecto e o sentido de responsabilidade dentro dun grupo baixo a presión dunha actuación en público.
- Asistencia regular aos ensaios e clases conxuntas maxistras. Amosar o compromiso, sentido da responsabilidade e esforzo individual do alumno como membro dunha agrupación.

3.2. Criterios de Avaliación por trimestres (mínimos esixibles)

1º TRIMESTRE:

- Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre.
- Amosar unha mellora progresiva segundo os apartados e criterios xerais de avaliación do grao correspondente.
- Interpretar unha peza na Audición do Departamento.

2º TRIMESTRE:

- Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre
- Interpretar unha peza na Audición do Departamento.
- Amosar unha mellora progresiva segundo os apartados e os criterios xerais de avaliación do grao correspondente.

3º TRIMESTRE:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para o curso.
- Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre.
- Interpretar unha peza ou pezas na Audición do Departamento ou no concerto de fin de curso.
- Amosar unha mellora progresiva segundo os apartados e criterios xerais de avaliación do grao correspondente.

4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.1. Procedementos de Avaliación

Efectuarase un seguimento do desenvolvemento dos seguintes apartados:

1. Asistencia a clase.
2. Distribución temporal do repertorio (por parte do profesor titor en cada clase e ante tódolos membros do departamento e outros alumnos a través das probas trimestrais de repertorio ou audicións)
3. Actuacións en público: concertos, audicións públicas, probas de repertorio ante o resto de alumnado e ante todo o profesorado do departamento.

O proceso de avaliación é continuo.

Dado o carácter colectivo desta materia, a avaliación de cada alumno atenderá fundamentalmente aqueles aspectos que son básicos para o correcto funcionamento da agrupación.

Perda da avaliación continua:

Os alumnos perderán o dereito á avaliación continua despois dun 33% de faltas de asistencia ás clases e ensaios (un terzo do total). O profesor informará desta incidencia ao alumno e aos seus pais. Debido ao carácter colectivo desta materia, non está previsto un sistema alternativo de avaliación máis que a realización dos pertinentes exames e probas trimestrais e final. A proba trimestral realizarase ao final de cada trimestre e a proba final a final do curso. A proba final terá lugar ante un tribunal composto polo profesor e outros profesores da mesma materia, e a cualificación será determinada polo mesmo. Os exames consistirán na presentación do programa de obras escollido para a agrupación ao longo do curso.

IMPORTANTE: O alumno deberá, pola súa conta, ocuparse da asistencia e participación dos demais membros do grupo. De non ser así, o Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio de Viveiro non terá a obriga de conseguir músicos acompañantes para o examinado. Así mesmo, a non participación das actuacións en directo ou audicións poden supoñer unha mingúa considerable na cualificación final do examinado. A ausencia non xustificada e sen aviso a unha actuación en público terá como consecuencia tamén a perda do dereito á avaliación continua e mesmo da opción á promoción na convocatoria de maio da materia, quedando o alumno pendente para xuño.

4.2. Repertorio

Ao comezo de cada curso publicarase no taboleiro do Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro unha lista das obras orientativas para cada curso ou ciclo.

4.2.1. OBRAS DE CONXUNTO Grao Elemental

Lista de Obras de para o Grao Elemental recomendadas, para repertorio de Conxunto no Grao Elemental, a elixir polo profesor segundo o nivel. De xeito que no Grao Elemental non se imparte a materia de CONXUNTO INSTRUMENTAL, este listado de pezas só ten carácter informativo e, en calquera caso, só pretende servir de axuda para o profesorado no caso da procura de repertorio para agrupacións de alumnos do Grao Elemental.

- OS PICAPEDRA (The Flintstones), Ted Nichols (arr. Mario Álvarez)
- STARTING TOGETHER, Volumen 3, arr. Graham Lyons e Roger Cawkwell. Chester Music.
- THE IMPERIAL MARCH (Star Wars), J. Williams.
- GUITAR DUETS, Vol 1, arr. E. Thorlaksson.
- 12 GUITAR TRIOS FOR BEGGINERS, Folk tunes, Folk Dances, Christmas Songs; arr. E. Thorlaksson.
- DÚOS PARA PRINCIPIANTES; Javier Zuazu.
- ALL BLUES; Miles Davis, arranxo para trío/cuarteto.
- BOB ESPONJA, Canción final.
- OTHERSIDE, Red Hot Chili Peppers, arranxo de Antonio Río Rodríguez.

4.2.2. GRAO PROFESIONAL

► Guitarra 1º Curso

► REPERTORIO ORIENTATIVO:

DÚOS/

- **Down by the riverside**, Trad.
- **Romance** (de “Eine Kleine Nachtmusik”), W. A. Mozart.
- **Romance**, Anónimo.
- **Minueto** (do libro de A. M. Bach), J. S. Bach.
- **Greensleeves**, Trad.

TRÍOS/

- **Norwegian Wood, Yellow Submarine**, Lennon/McCartney.
- **Summertime**, George Gershwin.
- **Hava Nagila**, Popular israelí.
- **Rock around the clock**, Freeman/de Knight.
- **Morenita**, Popular española.
- **Taconeado**, Popular Mexicana.
- **Calypso**, Popular jamaicana.
- **Flowerland**, E. Thorlaksson.

CUARTETO/

- **Lágrima**, F. Tárrega, arr. Jan-Olof Eriksson.

QUINTETO/

- **Looney Tunes**.

► Guitarra 2º Curso

► REPERTORIO ORIENTATIVO:

DÚOS/

- $\frac{3}{4}$ **Blues**, Jürgen Kumlehn.
- **Adagio** (de la Cantata nº 156), J. S. Bach.
- **Adagio** (Air de la Suite nº 3 para orquesta), J. S. Bach.
- **Barcarolle** (de la ópera “The Tales of Hoffman”), J. S. Bach.
- **Preludios nº1 e nº2**, F. Chopin.

TRÍOS/

- **Danza Española nº2**, E. Granados, arr. E. Thorlaksson.
- **Morenita**, Popular española, arr. E. Thorlaksson.

► Guitarra 3º Curso

► REPERTORIO ORIENTATIVO:

DÚOS/

- *Dúo*, G. F. Händel.
- *Canon en Re*, J. Pachelbel.
- *Gnossienne nº3*, E. Satie, arr. A. Forrest.
- *Estudo nº 3*, F. Chopin.
- *Estudo en La M*, M. Carcassi.
- *Blues for two*, J. Kumblehn.

TRÍOS/

- *Sailor's Hornpipe (Jack's the Lad)*, Trad., arr. T. Wilkinson.
- *Leichtes Trío, Op. 26*, Leonard de Call.

► Guitarra 4º Curso

► REPERTORIO ORIENTATIVO:

DÚOS/

- *Wave*, A. C. Jobim.
- *Scherzino, Scherzino Mexicano*, M. M. Ponce.
- *Dos Preludios e Invención*, J. S. Bach.
- *Romance Nº 3* (de "Trois Romances sans Paroles")
- *Guitar Boogie Shuffle*, Trad., arr. E. Thorlaksson.

TRÍOS/

- *Danzas españolas Nº 5 e Nº 10*, E. Granados.
- *Sonatina Nº 1 en Do M*, Heinrich Albert.

4.3. Criterios de Recuperación para alumnos con Materias Pendentes

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. No entanto, dado que o programa de cada curso é flexible, poderanse intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre segundo o criterio do profesor, sendo aconsellable que o alumno asista ás clases do curso que debe recuperar.

4.4. Promoción de curso e matrícula excepcional

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, conforme a criterios obxectivos, á súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

O Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno realice e supere unha proba instrumental que lle permita amosar o ter adquirido tódolos obxectivos esixidos na programación do curso que quere superar.

Devandita proba será realizada ante tódolos membros do departamento de guitarra.

5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Polo tanto compre establecer uns criterios de cualificación que permitan certificar a madurez e evolución académica do alumno, de cara a promover ao curso seguinte.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Repertorio: Acadar o nivel esixido para cada curso na execución dun repertorio axeitado ao nivel, establecido na Programación xeral, atendendo aos diferentes aspectos técnicos: dicitacións, posición de Corpo e mans, calidade do son, dinámica e agóxica. Comprenderá o 70% da cualificación final do curso.

2. Asistencia regular e Actitude: A regular asistencia ás clases é un aspecto imprescindible para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o 30% restante da cualificación final do curso.

Para avaliar o grao de dominio no aprendizaxe do programa estableceranse tres niveis:

1. Lectura e dicitación: O alumno/a domina ritmicamente a obra, utiliza unha dicitación adecuada, é capaz de unha primeira interpretación aínda que non consegue a suficiente soltura nas pasaxes mais complicadas.

2. Dominio técnico: Mediante o estudo individualizado e racional das pasaxes de maior dificultade, utilizando en caso necesario exercicios ou estudos complementarios, cos cales o alumno/a alcance un dominio dos aspectos da mecánica instrumental da obra e ser capaz dunha interpretación fluída da mesma.

3. Dominio interpretativo: O alumno/a consegue unha interpretación musicalmente expresiva e coherente cos aspectos estilísticos (articulación, dinámica, tempo, fraseo e sonoridades apropiadas) interpretando en público e gozando da música que toca.

A avaliación será continua. Con este procedemento máis os instrumentos anteriormente citados, o profesor efectuará unha comprobación dos coñecementos que o alumno ou alumna vaia adquirindo ao longo do curso e permitindo unha cualificación obxectiva. A cualificación é o resultado global da avaliación continua e os procedementos de avaliación segundo o rendemento integral do alumno, a súa responsabilidade como membro dun grupo e a asistencia regular a ensaios e clases maxistras. Ao final do proceso de avaliación, á hora da cualificación vanse ter en conta os seguintes aspectos:

a) asistencia regular ás clases e ensaios.

b) Responsabilidade á hora de asumir o papel de membro dun grupo colectivo: preparación da labor propia, traballo persoal e estudo, puntualidade, disciplina na clase, atención, afinación, anotacións pertinentes na partitura, material (partituras, etc...), ensaios fóra do horario da clase.

- c) Rendemento nas clases de forma continua e por trimestres: mellora gradual na interpretación.
- d) Asistencia a Audicións.
- e) Actuacións en público. É obrigatoria polo menos unha presentación en público dunha ou algunhas das obras do programa da agrupación, no final do curso.

A expresión do nivel alcanzado será obxecto das seguintes cualificacións e súas correspondencias, sendo representadas numericamente, sen empregar decimais, e nunha escala de 1 a 10:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Aprobado: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaínte: 9 ou 10.

O alumno/a que suspendera a materia de Conxunto Instrumental deberá recuperar o curso pendente coa interpretación do programa do curso en cuestión nas convocatorias oficiais. A proba da convocatoria de xuño consistirá na presentación do programa ou repertorio básico acordado co profesor ao longo do curso para a agrupación correspondente. O alumno deberá, pola súa conta, ocuparse da asistencia e participación dos demais membros do grupo. De non ser así, o Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio de Viveiro non terá a obriga en ningún caso de achegar músicos acompañantes para o examinado. Así mesmo, a non participación das actuacións en directo ou audicións poden supoñer unha mingúa considerable na cualificación final do examinado. Calquera variación no programa do examinado deberá ser comunicada coa debida antelación ao profesor da materia e de acordo con este. Non se admitirán a exame obras fóra do programa acordado entre profesor e alumno no mes de xuño.

6. ENFOQUE METODOLÓXICO

Os resultados que pretendemos acadar, as competencias básicas do currículo, son o referencia que nos guiará para decidir acerca dese conxunto ordenado de operacións que debemos levar a cabo. Unha interpretación consciente, uns coñecementos que crecen cada día, unha actitude positiva e dinámica fronte ao estudo, tales son as metas que nos propoñemos alcanzar nesta materia.

Ao longo da historia da evolución da guitarra en xeral, ten habido distintos métodos para a aprendizaxe da súa técnica, variedade de estilos, distintas visións de abordar a práctica deste instrumento, pedagogías e escolas. Actualmente, trátase de combinar todas estas vertentes e da realización de exercicios, estudos e obras, conxuntamente cun análise o máis rigoroso posible das mesmas, coa finalidade de achegarmos a esa comprensión e interpretación consciente que pretendemos.

Neste proceso, deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo no estudo de todas estas cuestións e dos diferentes estilos, de xeito que, pouco a pouco, se vaian introducindo novos elementos e novos coñecementos e prácticas. A fin de contas, trataríase de acadar a maior musicalidade e desenvolvemento das competencias do alumnado dentro do ámbito musical.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada.
- A aplicación dunha educación en valores.
- A autonomía pedagóxica
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación.
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Mostra da utilidade do aprendido.
- A orientación educativa.
- A participación e colaboración de compañeiros, familias e titores.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno sinta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.

6.1. Metodoloxía a empregar

- Análise do traballo realizado polo alumno ao longo da semana.
- Control de posición, afinación e realización de exercicios técnicos.
- Revisión e análise do material traballado, valorando o método de estudo.
- Corrección e aprendizaxe das pezas mediante elementos illados.
- Traballo de diferentes tipos de memoria.
- Afondamento do traballo realizado mediante variacións dalgún elemento da obra (*improvisación rítmica, harmónica, etc...*).
- No caso de ser apropiado, iniciación de novos traballos musicais.
- Lectura a primeira vista.

- Realización de audicións trimestrais obrigatorias.
- Participación en concertos.
- Asistencia a outras audicións ou concertos e realización de traballos escritos sobre as obras escoitadas e as interpretacións.

6.2. Orientación Pedagóxica da Clase Colectiva

O citado Decreto establece que “cando as condicións o permitan, o alumnado dunha mesma especialidade recibirá unha clase colectiva de 60 minutos á semana”. A clase colectiva é necesaria para cubrir determinados aspectos esenciais na formación do alumno. O traballo en grupo obriga ao alumno a non atoparse ignorante do que sucede ao seu ao redor e fomenta nel o compañeirismo. Ten tamén un carácter de apoio e de estímulo para os seus participantes, pois nelas trabállanse materias coas que o alumno comprende mellor o mundo da guitarra e da música. Deste xeito séntese máis integrado no centro e, como resultado, estuda máis e mellor.

As materias a tratar alternaranse cun criterio totalmente flexible e aberto, tratando de estimular ao alumno para que posteriormente afondar e investigue sobre os temas tratados, que poden ser:

- Realización e potenciación do traballo sobre a técnica elemental da guitarra: articulación, pulsación, independencia dos dedos, coordinación de ambas mans, arpejos, ligados, etc.
- Lectura a primeira vista.
- Música de Cámara.
- Audicións, música comparada, xeneralizacións sobre diferentes épocas e autores, evolución da guitarra, etc.
- Outros:
 - Improvisación.
 - Adestramento auditivo.
 - Desenvolvemento da memoria musical.
 - Métodos de estudo.
 - Actitude á hora de tocar en público, etc.

6.3. Actividades propostas de Carácter Interdisciplinar

- Asistencia dos alumnos aos concertos organizados polo Conservatorio.
- Realización de audicións de alumnos.
- Organización de cursos ou concertos con intérpretes e profesionais recoñecidos (*pendente sempre da aprobación do Consello Escolar*).
- Agás imprevistos, a semana anterior a cada avaliación adiarase ás probas de técnica e lectura e á celebración das audicións obrigatorias. Tódolos alumnos terán que participar en cada unha destas tres sesións de audicións. Para os alumnos de grao profesional será ademais obrigatorio realizar as probas de técnica e lectura. Durante esas semanas suspenderanse as clases individuais, colectivas de guitarra e de conxunto de guitarras.

6.4. Organización do tempo e do espazo

6.4.1. Organización do tempo

Se contamos con que un curso académico consta de trinta semanas aproximadamente, este sería o número de sesións dedicadas á materia de Guitarra, a razón dunha hora semanal. De todas elas, tres dedicaríanse ás actividades de avaliación, cada unha delas trimestral.

En canto á organización da cada unha das sesións, estas estruturaránse en:

- a) Presentación da peza, estudo ou exercicios dos que se vai a tratar.
- b) Explicación práctica dos contidos concretos e da técnica adecuada para achegarnos á interpretación.
- c) Recapitulación das ideas principais.
- d) Proposta de traballos para axudar a comprender mellor o aprendido na sesión.
- e) Corrección dos traballos da sesión anterior e repaso e revisión de contidos anteriores.

6.4.2. Organización do espazo

Un aspecto importante para o bo funcionamento da clase é a situación dos recursos materiais da aula no espazo. Se as características da aula o permiten, será moi eficaz dispor o mobiliario (cadeiras, atrís...) formando un "V" ou un ángulo recto. Esta disposición é idónea para que o alumnado estea en contacto directo e permite, ademais, un maior achegamento da docencia, o que redundará nunha maior atención, escoita activa e participación na clase.

6.4.3. Educación en valores

Nunha educación orientada á calidade, o valor do esforzo continuado debe ser unha referencia continua para tódolos colectivos implicados nela: alumnos, profesores, pais, centro escolar e administración educativa. Esta aposta pola calidade do ensino leva outros valores asociados: puntualidade, orde, limpeza, disciplina, rigorosidade no traballo, responsabilidade, sentido da colaboración, respecto polas persoas e polas cousas.

Estes valores, que son a base dunha educación cívica, xiran así mesmo arredor doutros que configuran a vida en sociedade: a educación para a paz, para a igualdade dos sexos, para a saúde, para o lecer. Estes valores están presentes de forma implícita e cotiá na vida diaria na aula, na clase, e a comunidade educativa debe velar porque ningún outro tipo de actitude atente contra estes principios de convivencia.

Aínda que esta educación transversal os alumnos a veñan recibindo dende sempre, nesta idade, entre os 8 e os 17 anos aprox., os valores que asuman serán realmente decisivos para toda a súa vida. Polo tanto, o xeito de aplicar os contidos desta programación, a súa metodoloxía, presta unha gran atención ás actitudes. A importancia das actitudes e o feito de que o estudo dun instrumento musical traballa o espírito e o intelecto fan que a educación en valores sexa facilmente abordada ao ter presente as normas, ás demais persoas, ao material da aula, aos compañeiros e profesores. Na materia tense en conta a actitude de escoita, o respecto mutuo ás opinións, o valor do traballo, do esforzo e da colaboración.

7. RECURSOS DIDÁCTICOS

7.1. Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)

Os sistemas educativos actuais establecen unha nova formulación pedagóxica na que a comunicación prodúcese non só a través da linguaxe oral e escrita, senón tamén a través doutras novas linguaxes, como son a audiovisual e a telemática. A posibilidade de compartir información, experiencias, de participar en actividades entre centros en tempo real, de buscar información puntual acerca de calquera contido, etc..., abre novas posibilidades de aprendizaxe que enriquecen a formación integral do alumnado.

A educación precisa de novos recursos que permitan que o ensino discorra polo mesmo camiño que a sociedade: a sociedade da información, da comunicación, da participación, de compartir coñecementos, experiencias co fin do enriquecemento común. Non se debe esquecer que unha educación baseada na lectura de textos está abocada ao fracaso ao deixar aos educandos á marxe da rede comunicativa construída polas TIC.

A utilización destas tecnoloxías nos centros educativos permitirá unha formación máis completa, unha renovación na pedagogía e na didáctica; poderán utilizarse tamén como medio de análise, de investigación, de manexo de aplicacións que forman parte habitual do entorno da sociedade.

O profesor deberá servir de guía para axudar ao alumando a buscar, obter, procesar, comunicar información e para transformala en coñecemento, sempre cunha actitude crítica e selectiva.

7.2. Os materiais curriculares

Os materiais curriculares de uso cotián na aula permitirán o óptimo desenrolo da actividade académica. O equipamento básico nas aulas do Departamento de Corda Pulsada debe ser o seguinte:

- Guitarra,
- Afinador,
- Atril,
- Banco/s repousapés,
- Cadeiras adecuadas,
- Lapis e outros artigos de escritura, goma de borrar, etc,
- Partituras, Libros, Métodos, Manuais, e outras publicacións,
- Metrónomo,
- Reprodutor CD/Mp3,
- Cds, lapis memoria USB,
- Repostos Guitarra (cordas, limpadores, etc),
- Limas e outros artigos para o coidado das uñas.

O profesor tamén precisará para a súa labor determinado equipamento de cara a ter perfectamente arquivado o diverso material curricular, ter de cara ao público e o alumnado toda a información académica pertinente e un lugar propio de traballo onde realizar distintas labores propias das súas obrigacións:

- Mesa de traballo,
- Estantes,
- Cortiza,
- Caixóns, archivadores, etc.

O Departamento de Corda Pulsada habilitará así mesmo un espazo, accesible a tódolos alumnos e ao público en xeral, onde se colocará un Taboleiro co gallo de informar de tódalas actividades, audicións, concertos, programacións, repertorio e calquera outra cousa que teña que ver coa vida académica do centro en xeral e do Departamento en particular.

7.3. Bibliografía

7.3.1. GRAO ELEMENTAL

- J. M Cortés Aires, **Cadernos Didácticos Para Guitarra**. Real Musical.
- María Linneman, **Pezas Sinxelas**. Ricordi.
- J. A. Muro, **Basic Pieces**. Chanterelle.
- R. Chiesa, **Método**.
- F. Vitiello, **Aujourd'hui La Guitare**.
- B. Casas-Miró, **Estudio Progresivo De La Guitarra**. Real Musical.
- R. Gamazo e E. Sierra, **Elijo Mis Obras**.
- Dionisio Aguado, **Método Para Guitarra**. Unión Musical Española.
- F. Carulli, **Estudios Para Guitarra**.
- F. Carulli, **15 Estudios Fáciles Para Guitarra**. Real Musical.
- F. Sor, **Estudios Op. 60**.
- F. Sor, **30 Estudios Seleccionados**.
- M. Giuliani, **La Mariposa, Op. 30**. Real Musical.
- M. Giuliani, **24 Estudios, Op. 48**. Schott.
- J. L. Rodrigo e M.A. Jiménez, **Método De Guitarra**. Sociedad Didáctico-Musical.
- L. Brouwer, **Estudios Sinxelos**. Max Eschig.
- Luisa Sanz, **La Guitarra Paso a Paso**. Real Musical.
- Bryan Lester, **Cadernos De Exercicios**. Ricordi.
- Bryan Lester, **Essential Guitar Skills**. Ricordi.
- Varios Autores, **Modern Times**. Chanterelle.
- S. Dodgson e H. Quine, **12 Estudios Preparatorios**.
- Rowley, **Preludios e Fugas Miniatura**.
- M. Carcassi, **25 Estudios Melódico-Progresivos, Op. 60**. Real Musical.
- M. Carcassi, **Seis Caprichos, Op. 60**. Real Musical.
- N. Coste, **Estudios Op. 38**. Real Musical.
- R. Smith-Brindle, **Guitarcosmos**.
- J. Sagreras, **Las Segundas lecciones**.
- M. Castelnuovo-Tedesco, **Appunti, Op. 210**.
- T. Camacho, **Escuela De Guitarra**. Real Musical.
- Z. Nömar, **La Guitarra**. Real Musical.
- Jiménez-Román, **Mi Primer Libro De Guitarra**. Real Musical.
- Ángel Fuentes, **Iniciación a La Guitarra**. Real Musical.
- R. Manus e L. C. Harnsberger, **Alfred's Kid's Guitar Complete**. Alfred.
- R. Fabbri, **Tocamos La Guitarra**. Nueva Carish España.

7.3.2. GRAO PROFESIONAL

- M. Carcassi, **25 Estudos Melódico-Progressivos, Op. 60.** Real Musical.
- N. Coste, **Estudos Op. 38.** Real Musical.
- Dionisio Aguado, **Método Para Guitarra.** Unión Musical Española.
- F. Sor, **30 Estudos Seleccionados.**
- M. Giuliani, **24 Estudos, Op. 48.** Schott.
- R. Smith-Brindle, **GuitarCosmos.**
- Bryan Lester, **Essential Guitar Skills.** Ricordi.
- Bryan Lester, **Cadernos De Exercicios.** Ricordi.
- L. Brouwer, **Estudos Sinxelos.** Max Eschig.
- M. Castelnuovo-Tedesco, **Appunti, Op. 210.**
- Manuel M. Ponce, **Preludios.**
- Varios Autores, **Modern Times.** Chanterelle.
- N. Leclercq, **Six Coleurs.**
- M. Llobet, **Canciones Populares Catalanas.**
- S. Dodgson e H. Quine, **Estudos.**
- F. Moreno Torroba, **Música Para Guitarra.** Ópera Tres.
- E. Pujol, **Escuela Razonada de la Guitarra.** Ricordi.
- G. Sanz. **Instrucción De Música Sobre la Guitarra española.** Real Musical.
- Varios Autores, **Improvisación a La Guitarra.** Enclave Creativa.
- P. Henry, **The Francisco Tárrega Collection.** Hal Leonard.
- J. Washington, **Beatles For Classical Guitar.** Amsco.
- A. Carlevaro, **Cuadernos Para Guitarra.** Barry.
- I. Savio, **Escola Moderna Da Guitarra.** Ricordi.
- I. Savio, **Antología De Obras.** Ricordi.
- F. Noad, **The Classical Guitar.** Amsco.
- F. Noad, **The Baroque Guitar.** Amsco.
- F. Noad, **The Renaissance Guitar.** Amsco.
- Agustín Barrios, **Selección.** Ricordi.
- Frank Koonce, **The Solo Lute Works Of J. S. Bach.** Neil A. Kjos Music Company.
- H. Vinson, **World's Favorite Solos For Classical Guitar.** Ahsley Pub.
- H. Vinson, **Classic Guitar Collection.** Amsco.
- H. Villa-Lobos, **12 Estudos.** Max Eschig.
- H. Villa-Lobos, **Suite Popular Brasileira.** Max Eschig.
- H. Villa-Lobos, **Preludios.** Max Eschig.
- S. Tennant, **Pumping Nylon.** Nathaniel Gunod/Alfred.
- I. Albéniz, **Suite Española, Op. 47.** Schott.
- I. Albéniz, **Piezas Características.** Schott.
- J. Absil, **Piezas Características.** Real Musical.
- J. Zenon, **Obras De Albéniz e Granados.** Schott.
- Díaz, **Aires Populares Venezolanos.**
- G. Fisk, **Antoloxía Do Renacemento e Barroco.**
- E. Pujol, **Antoloxía de Música Selecta.** Schott.
- K. Scheit, **Canciós e Danzas Do Século XVI.** Universal Edition.

- K. Scheit, **Danzas Do Renacemento**. U. E.
- K. Schet, **Danzas Da Época Barroca**. U. E.
- Barrense Días, **Grandes Compositores Brasileiros**.
- Barrense Días, **Guitarristas Brasileiros**.
- J. Bream. **The Julian Bream Guitar Library**.
- R. Andia e C. Fayance, **Panorama Da Guitarra Contemporanea**. Editions Musicales Trasantlantiques.
- R. Stover, **The Guitar Works Of Agustin Barrios Mangore**.
- J. Cardoso, **Piezas Sudamericanas**. UMG.
- A. Carlevaro, **Microestudios**. Chanterelle.
- A. Carlevaro, **Cadernos Para Guitarra**. Chanterelle.
- K. Scheit, **Obras de John Dowland**. U. M. E.
- C. Duncan, **Modern Approach Repertoire**. HL.
- G. Gershwin, **Best Of For Guitar**. Ayeroff.
- E. Granados, **Danzas Españolas**. U. M. E.
- A. Lauro, **Piezas Venezolanas**. C. O.
- M. Llobet, **Guitar Works**. Purcell.
- L. Milán, **6 Pavanas**. Akkord.
- J. K. Mertz, **Obra Completa**. Wynberg.
- J. Mills, **Guitar Music Repertoire**. MS.
- J. Morel, **Classical Guitar Solos**. Schott.
- S. Murcia. **Obra Completa**. Soneto.
- L. Narváez, **El Delphin De Música**. U. M. E.
- N. Paganini, **Obra Completa**. Gazelloni.
- M. M. Ponce, **Preludios**. Schott.
- A. Piazzolla. **Piezas**. Chanterelle.
- G. Sanz. **Pavanas, Fuga, Canarios**. Universal Edition.
- F. Sor. **Obra Completa**. Ophee/Savino.
- S. L. Weiss. **Antología de Piezas Selectas**. U. E.

7.4. Fomento da lectura, audicións e investigación

O profesor recomendará escoitas e audicións de obras gravadas relacionadas cos contidos estudados, autores e obras de referencia dos diversos estilos, así como a lectura de libros, revistas, artigos de investigación e páxinas web idóneas pola súa información. Terase en conta a idade do alumnado á hora de facer estas recomendacións, incluso no caso de que pertencen ao mesmo curso, dada a lóxica mestura de idades presente nas nosas ensinanzas.

Desta forma, afondarase na formación dun espírito crítico no alumnado, que lle permita seleccionar só a información máis interesante, co xeito de complementar e crecer no seus coñecementos.

7.5. Funcionalidade dos contidos

En toda actividade que se realice na aula o alumnado debe ter claro o que se pretende con ela, o seu obxectivo ou, doutro xeito, a competencia básica que queremos desenvolver con ela. Amais disto, é algo que semella imprescindible se algún alumno ten pensado encamiñar a súa carreira polo afondamento no estudo da Guitarra.

8. PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS

8.1. Medidas de Atención á Diversidade

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. No conservatorio se reconece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle, a un alumnado igualmente diverso. O principio de "Atención á diversidade" enténdese dende as seguintes formulacións:

1. As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de tódolos alumnos e non só duns poucos.
2. Tódolos alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.
3. As necesidades educativas dos alumnos se presentan sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.

Así mesmo, as persoas que destacan ou sobresaen pola súa excepcionalidade intelectual podémolas englobar co termo "Altas Capacidades" pois é a característica máis xenérica do grupo. Estas persoas forman un grupo moi heteroxéneo. Podemos dicir que cada unha delas, en realidade como todas, será un "caso único". As concepcións sobre a superdotación e talento foron modificándose en función dos diferentes modelos de intelixencia. Estes modelos podemos clasificalos en modelos baseados en capacidade, modelos baseados no rendemento, modelos cognitivos e modelos socioculturais.

A atención á diversidade leva implícita unha serie de medidas que son ofertadas dentro dunha estratexia común con diferentes opcións:

- a) O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- b) Adaptacións do material didáctico: as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno o unha alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.
- c) Propoñer actividades de traballo diferenciadas: O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- d) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- e) Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

No principio do curso académico, despois da matriculación, cada Departamento revisará a matrícula para detectar posibles casos de alumnado que requira unha atención especial. De ocorrer así, e no caso do Departamento de Corda Pulsada realizarase a adaptación curricular correspondente na que se terán en conta os seguintes aspectos de acordo co tipo de circunstancia concreta (problemas e minusvalías motoras, cegueiras, etc):

- a) Programa adaptado.
- b) Material específico para uso de profesor e alumno na aula.
- c) Acomodo de horarios e aulas dispoñibles.
- d) Contacto e colaboración con centros e organizacións especializadas, e cos pais do alumno.

9. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

As actividades extra-escolares son esenciais para o desenvolvemento persoal e artístico do alumnado. Desta forma, dividiremos estas actividades en dúas categorías: actividades extra-escolares relacionadas coas artes e as relacionadas co desenvolvemento físico e persoal.

9.1. Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico

É importante que o alumno, como músico, esté exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Como alumno de guitarra, sería conveniente que fose a concertos de folk, jazz, música clásica e popular. Ademais, mediante os concertos sinfónicos e de agrupacións camerísticas, percibirá o timbre sonoro dos demais instrumentos que poderá aplicar sempre nas diferentes voces da música para guitarra. O departamento de corda pulsada fomentará o desenvolvemento artístico mediante a promoción das seguintes actividades:

- Realización de cursos no segundo trimestre
- Organización de concertos en cada un dos trimestres con artistas invitados.
- Programación de intercambios co outros conservatorios no segundo trimestre.
- Organización de concertos en colexios, museos e institucións culturais por parte do alumnado.
- Fomentar a participación do ensamble de guitarras e arpas nas actividades organizadas polo departamento.

9.2. Actividades extra-escolares para o desenvolvemento persoal

É moi importante que como músicos e dende unha temperá idade, comprendamos que ao tocar un instrumento desgastamos o noso corpo como se fóssemos atletas profesionais. Por iso, debemos manter a nosa forma física sempre activa e forte. Como guitarrista, o alumno utiliza os músculos das costas, brazos, mans e dedos continuamente, sen esquecer tamén a postura xeral. Desta forma, será importante que o alumno reforce a musculatura xa citada e os tendóns dos brazos mediante a práctica de actividades físicas. Os deportes máis apropiados, ademais de facer estramonios antes de tocar, serían a natación, pilates, circuítos de ximnasia predeterminados por un especialista e tamén o ioga e tai-chi. Cabe destacar a importancia da relaxación, non só á hora de tocar, senón tamén na vida cotiá. As actividades como ioga e tai-chi contribuirán á práctica da respiración diafragmática, a relaxación e tamén ao control da respiración, meditación e concentración.

10. PROCEDIMENTOS DE COORDINACIÓN, VALORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso o departamento coordinará diversas reunións coa fin de levar a cabo as seguintes actividades:

- Posta en común dos criterios indicados na programación.
- Análise dos resultados obtidos polos alumnos en función dos obxectivos en cada unha das audicións.
- Adaptación da programación segundo as necesidades específicas de cada un dos profesores.
- Adaptación da programación segundo as necesidades específicas do alumnado.
- Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación en función dos obxectivos fixados e os resultados acadados.

11. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

O Departamento promoverá unha serie de reunións coa Comisión Pedagóxica, ao longo do curso académico, co obxecto de acadar unha posta en común dos seus obxectivos, valoracións, avaliacións, etc, atendendo ás impresións da cada un dos membros do Departamento e valorando o grao de comunicación, coordinación e efectividade do traballo acadado durante o curso, revisión do material, unificación nas posibles formas de abordar e ensinar os diferentes aspectos contidos da programación, así como calquera incidencia acontecida no marco da actividade académica, medidas de atención á diversidade, actuacións naqueles casos de non cumprir os obxectivos programados, etc.

Nas propias reunións do Departamento estableceranse os criterios a seguir e actuacións por parte de todo o profesorado do Departamento.

12. PROBAS DE ACCESO

12.1. GRAO PROFESIONAL Cursos 2º, 3º e 4º

Os repertorios serán os recomendados para o curso anterior ao que se pretende acceder. Calquera outra obra de acordo ao nivel podería ser válida sempre que o profesor da materia ou o tribunal do exame así o determine.

É obrigatorio presentar unha selección dun mínimo de dúas obras, de diferentes estilos.

IMPORTANTE: O alumno deberá, pola súa conta, ocuparse da asistencia e participación dos demais membros do grupo. De non ser así, o Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio de Viveiro non terá a obriga de conseguir músicos acompañantes para o examinado. De presentarse o alumno sen acompañantes, a cualificación resultante da proba nunca poderá ser superior a notable. Así mesmo, o examinado deberá presentar tódalas partes de guitarra correspondentes. Enténdese que a propia natureza da materia de Conxunto Instrumental supón a participación do alumno como membro dunha agrupación, coas súas implicacións académicas.

► CURSO 2º

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) Interpretar as obras do repertorio de concerto escollido para a agrupación correspondente. *Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre tódolos compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.*

É obrigatorio presentar á proba polo menos dúas obras. Non se admitirán a exame obras fóra do programa oficial da materia de Conxunto Instrumental de Guitarra, coa única excepción de obras que o tribunal ou o profesor da materia determine como Obras de acordo ao nivel esixido. **No caso de realización do exame sen acompañantes, o examinado ten a obriga de presentar a exame tódalas partes de guitarra de que consten as obras concretas, no seu caso.** Tal circunstancia xa está prevista na selección do repertorio correspondente a cada curso, polas que tódalas voces dunha mesma obra se axustan ao nivel esixido.

2) Actuar como membro e responsable do grupo, dirixindo ou tomando parte da interpretación colectiva mentres se realiza a propia parte. *Mediante este criterio preténdese verificar que o alumno ten un coñecemento global da partitura e sabe usar os xestos necesarios da concertación, ademais de valorar outros criterios como a unificación do son, empaste dos instrumentos, timbre, vibrato, fraseo, etc.*

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Dado o carácter grupal desta materia, a avaliación de cada alumno atenderá fundamentalmente aqueles aspectos que son básicos para o correcto desenrolo da agrupación.

IMPORTANTE: O alumno deberá, pola súa conta, ocuparse da asistencia e participación dos demais membros do grupo. *De non ser así, o Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio de Viveiro non terá a obriga de conseguir músicos acompañantes para o examinado.*

A cualificación é o resultado da proba realizada polo profesor da materia ou o tribunal disposto a tal efecto. Avaliarase a responsabilidade e rendemento do alumno como membro dun grupo ademais de ter en conta os seguintes aspectos:

- Responsabilidade á hora de asumir o papel de membro dun grupo colectivo: preparación da labor propia, traballo persoal, afinación, anotacións pertinentes na partitura, material (partituras, etc...).
- Rendemento da agrupación: obxectividade e coidado da interpretación.
- Rendemento persoal dentro da agrupación, adecuación de planos sonoros e control do son.

BIBLIOGRAFÍA

Ver Bibliografía correspondente no punto "7.3." desta programación.

► CURSO 3º

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) Interpretar as obras do repertorio de concerto escollido para a agrupación correspondente. *Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre tódolos compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.*

É obrigatorio presentar á proba polo menos dúas obras. Non se admitirán a exame obras fóra do programa oficial da materia de Conxunto Instrumental de Guitarra, coa única excepción de obras que o tribunal ou o profesor da materia determine como Obras de acordo ao nivel esixido. No caso de realización do exame sen acompañantes, o examinado ten a obriga de presentar a exame tódalas partes de guitarra de que consten as obras concretas, no seu caso. Tal circunstancia xa está prevista na selección do repertorio correspondente a cada curso, polas que tódalas voces dunha mesma obra se axustan ao nivel esixido.

2) Actuar como membro e responsable do grupo, dirixindo ou tomando parte da interpretación colectiva mentres se realiza a propia parte. *Mediante este criterio preténdese verificar que o alumno ten un coñecemento global da partitura e sabe usar os xestos necesarios da concertación, ademais de valorar outros criterios como a unificación do son, empaste dos instrumentos, timbre, vibrato, fraseo, etc.*

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Dado o carácter grupal desta materia, a avaliación de cada alumno atenderá fundamentalmente aqueles aspectos que son básicos para o correcto desenrolo da agrupación.

IMPORTANTE: *O alumno deberá, pola súa conta, ocuparse da asistencia e participación dos demais membros do grupo. De non ser así, o Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio de Viveiro non terá a obriga de conseguir músicos acompañantes para o examinado.*

A cualificación é o resultado da proba realizada polo profesor da materia ou o tribunal disposto a tal efecto. Avaliarase a responsabilidade e rendemento do alumno como membro dun grupo ademais de ter en conta os seguintes aspectos:

- Responsabilidade á hora de asumir o papel de membro dun grupo colectivo: preparación da labor propia, traballo persoal, afinación, anotacións pertinentes na partitura, material (partituras, etc...).
- Rendemento da agrupación: obxectividade e coidado da interpretación.
- Rendemento persoal dentro da agrupación, adecuación de planos sonoros e control do son.

BIBLIOGRAFÍA

Ver Bibliografía correspondente no punto "7.3." desta programación.

► CURSO 4º

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) Interpretar as obras do repertorio de concerto escollido para a agrupación correspondente. *Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre tódolos compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.*

É obrigatorio presentar á proba polo menos dúas obras. Non se admitirán a exame obras fóra do programa oficial da materia de Conxunto Instrumental de Guitarra, coa única excepción de obras que o tribunal ou o profesor da materia determine como Obras de acordo ao nivel esixido. **No caso de realización do exame sen acompañantes, o examinado ten a obriga de presentar a exame tódalas partes de guitarra de que consten as obras concretas, no seu caso.** Tal circunstancia xa está prevista na selección do repertorio correspondente a cada curso, polas que tódalas voces dunha mesma obra se axustan ao nivel esixido.

2) Actuar como membro e responsable do grupo, dirixindo ou tomando parte da interpretación colectiva mentres se realiza a propia parte. *Mediante este criterio preténdese verificar que o alumno ten un coñecemento global da partitura e sabe usar os xestos necesarios da concertación, ademais de valorar outros criterios como a unificación do son, empaste dos instrumentos, timbre, vibrato, fraseo, etc.*

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Dado o carácter grupal desta materia, a avaliación de cada alumno atenderá fundamentalmente aqueles aspectos que son básicos para o correcto desenrolo da agrupación.

IMPORTANTE: *O alumno deberá, pola súa conta, ocuparse da asistencia e participación dos demais membros do grupo. De non ser así, o Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio de Viveiro non terá a obriga de conseguir músicos acompañantes para o examinado.*

A cualificación é o resultado da proba realizada polo profesor da materia ou o tribunal disposto a tal efecto. Avaliarase a responsabilidade e rendemento do alumno como membro dun grupo ademais de ter en conta os seguintes aspectos:

- Responsabilidade á hora de asumir o papel de membro dun grupo colectivo: preparación da labor propia, traballo persoal, afinación, anotacións pertinentes na partitura, material (partituras, etc...).
- Rendemento da agrupación: obxectividade e coidado da interpretación.
- Rendemento persoal dentro da agrupación, adecuación de planos sonoros e control do son.

BIBLIOGRAFÍA

Ver Bibliografía correspondente no punto "7.3." desta programación.

CONVOCATORIAS

Convocatoria de maio; a celebrar no mes de maio, datas a determinar.

Convocatoria de xuño; a celebrar no mes de xuño, datas a determinar.

O Conservatorio de Música de Viveiro publicará nos taboleiros públicos do centro as datas de realización das probas e matrícula correspondentes cunha antelación suficiente, tanto no caso da convocatoria de maio como de xuño.

A proba en calquera das dúas convocatorias de consistirá na presentación do programa ou repertorio básico correspondente (dúas obras). **O alumno deberá, pola súa conta, ocuparse da asistencia e participación dos demais membros do grupo.** De non ser así, o Departamento de Corda Pulsada do Conservatorio de Viveiro non terá a obriga en ningún caso de achegar músicos acompañantes. Así mesmo, **non se admitirán a exame obras fóra do programa oficial do centro (o mesmo que figura na programación da materia de Conxunto)**, coa única excepción de obras que o tribunal ou o profesor da materia determine como obras de acordo ao nivel esixido.